


#Xornada

Finaciamento europeo para o sector editorial galego

27/02/2024



Información

Aforo limitado

Inscribirme

27/02/2024

A convocatoria de **Circulación de Obras Literarias Europeas 2024** está dirixida a **entidades legais do sector editorial e do libro**. O seu obxectivo é **apoiar a tradución, a publicación, a distribución e a promoción de obras europeas de ficción** e cada proxecto debe incluír un paquete mínimo de 5 obras literarias europeas de ficción; existen tres categorías de proxectos segundo o seu orzamento e volume de obras.

Nesta xornada organizada conjuntamente coa **Asociación Galega de Editoras** en colaboración co **Consello da Cultura Galega**, presentaremos os requisitos e as bases da convocatoria, ademais dos formularios e o orzamento da solicitude. Por outra parte, tamén exporemos outras axudas do subprograma Europa Creativa Cultura que poden ser de interese para o sector: *Culture Moves Europe*, Proxectos de Cooperación Europea, Redes e Plataformas Europeas.

Contaremos cun espazo de *networking* durante a pausa-café para coñecer máis de preto as necesidades das editoriais e dos axentes do libro de Galicia.

Lugar: Auditorio, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
Esta actividade transmitirase en *streaming* a través da [canle do Ministerio de Cultura](#).

En colaboración con



Asociación
Galega de
Editoras

Programa

Aforo limitado

Inscribirme

27/02/2024

10:30

Benvida

Henrique Alvarellos

Presidente

Asociación Galega de Editoras

10:35

Convocatoria Circulación de Obras
Literarias Europeas 2024:
Bases e requisitos

Isabel Pérez Gálvez

Técnica da Oficina Europa Creativa
Cultura, Ministerio de Cultura

11:00

Proceso de solicitud: formularios e
orzamento

Carolina Fenoll Espinosa

Técnica da Oficina Europa Creativa
Cultura, Ministerio de Cultura

11:30

Quenda de preguntas

11:45

Café - networking

12:15

Outras oportunidades de Europa
Creativa Cultura para o sector
editorial e do libro: Culture Moves
Europe, Proxectos de Cooperación
Europea, Redes e Plataformas
Europeas.

Carolina Fenoll Espinosa e Isabel

Pérez Gálvez

Técnicas da Oficina Europa Creativa
Cultura, Ministerio de Cultura

13:00

Quenda de preguntas

13:15

Fin da sesión